

INFORMACIÓN BÁSICA

Se na vosa parroquia estades interesados en que nos fagamos presentes nalgunha xornada ou reunión, podemos concretar algunha acción. Grazas pola vosa atención.

pastoralpenitenciaria@archicompostela.org

Se a colecta de hoxe a podedes destinar para as actividades da Delegación, ou achegar algunha outra colaboración, agradecémolo moito.

NÚMERO DE CONTA DA DELEGACIÓN DE PASTORAL PENITENCIARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

TITULAR: ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

IBAN: ES08 2080 0068 7630 4004 4292



Pastoral Penitenciaria e Cáritas Diocesana
Arquidiocese de Santiago de Compostela

XORNADA DIOCESANA DE PASTORAL PENITENCIARIA



Arquidiocese de Santiago de Compostela

Subsidio litúrxico · 27 de setembro de 2026

«Deus quérenos sempre, pero sóñanos mellores»

Papa León XIV

MONICIÓN INICIAL

Benquerida comunidade: Hoxe celebramos a Xornada Diocesana de Pastoral Penitenciaria, un día no que toda a Igrexa de Santiago quere lembrar, acompañar e rezar por tantas persoas privadas de liberdade, polas súas familias, polas vítimas, polos capeláns e polo voluntariado que, con discreción e tenrura, levan o Evanxeo detrás dos muros.

O Papa León XIV dicía recentemente no cárcere de Brians 1 que “Deus quérenos sempre, pero sóñanos mellores”. Estas palabras son unha chave para entrar nesta celebración: Deus non deixa de amar a ninguén, nunca; pero ao mesmo tempo mira cada vida cun soño de plenitude, de dignidade recuperada, de futuro aberto. Ese soño de Deus non é unha ilusión: é unha chamada a levantarse, a recomenzar, a deixar que o seu amor cure o que está roto e abra camiños novos.

A nosa Diocese de Santiago quere colaborar nese soño de Deus, acompañando procesos de restauración, de reconciliación e de esperanza. Fano os nosos capeláns, que levan a luz da fe a lugares onde ás veces só queda a sombra. Faino o voluntariado, que escoita, acolle, anima e lembra a cada persoa que a súa vida vale, que non está soa, que sempre é posible volver empezar. Pero tamén toda a comunidade cristiá cando vela polos seus fillos e fillas presas, cando acolle no retorno á sociedade, e cando combate as causas da delincuencia loitando contra a exclusión social e promovendo ás persoas.

Ao comezar esta Eucaristía, pedimos ao Señor que abra tamén o noso corazón: para non xulgar con dureza, para mirar con misericordia, para crer na forza da graza que transforma, e para ser unha Igrexa que non abandona, que non se rende, que sempre ofrece unha man tendida, e que sabe sacar ó cárcere do olvido, recordando que alí tamén está Cristo preso, e onde El, a esperanza.

ORACIÓN DOS FIEIS

Que esta celebración nos faga acoller nós en primeiro lugar a súa misericordia e ser instrumentos do soño de Deus sobre cada persoa.

1. Para que, seguindo o soño de Deus sobre cada persoa, a Igrexa e a nosa parroquia sexamos comunidade que non exclúe, que acompaña e que cre na posibilidade dunha vida nova para todos. Oremos ao Señor.

2. Para que haxa unha verdadeira renovación nos valores, de xeito que a nosa sociedade reforce os vencellos de fraternidade, ofrezca novas oportunidades, e se removan as causas da exclusión. Oremos ao Señor.

3. Polo Centro Penitenciario de Teixeiro e o Centro de Inserción Social da Coruña: para que o Señor bendiga a todos os que alí viven e traballan; para que a súa presenza leve paz, esperanza e camiños de restauración ás persoas privadas de liberdade. Oremos ao Señor.

4. Polas persoas privadas de liberdade, para que descubran que Deus os quere sempre e os soña mellores; para que atopen apoio, oportunidades reais de cambio e persoas que lles recorden a súa dignidade. Polas súas familias, para que non se sintan soas nin estigmatizadas; para que o Señor cure feridas, sosteña vínculos e abra camiños de reconciliación e encontro. Oremos ao Señor.

5. Por todos nós aquí reunidos, para que aprendamos a mirar como Deus mira: sen condenar, sen pechar portas, soñando sempre coa vida nova que el quere para cada un. Oremos ao Señor.

ACCIÓN DE GRAZAS

Se parece oportuno, recítese despois da comunión.

Señor dos Soños, ti que non deixas de amar a ninguén e que ves en cada vida unha historia por reconstruír, mira con tenrura ás persoas privadas de liberdade.

Envíalles luz nas súas sombras, esperanza nos seus cansazos, e forza para crer que é posible volver empezar.

Sostén as súas familias, bendice a quen os acompaña, e fai da nosa diocese un lugar onde o teu soño de dignidade, liberdade interior e vida nova poida facerse realidade.

Amén.